



# Informe-memoria de xestión

## da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2017-2018

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2017, que tivo lugar o 11 de febreiro en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2017-2018.

O plan de acción aprobado era ambicioso e, aínda que non se cumpríu na súa totalidade, desde a Xunta Directiva facemos unha valoración aceptable do nivel de cumprimento e dos obxectivos acadados. Desenvolvéronse as accións máis esperables da entidade (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua, formación, etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, LGx15, etc.). Tamén se iniciaron outras accións que aínda non chegaron a materializarse (un manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de TNL, que está en proceso de elaboración).

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria para, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

## Accións para o cumprimento dos fins da asociación

---

1. **Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística que se publicaron durante o ano, así como as **convocatorias de subvencións** para a creación de servizos.
- Fixéronse **solicitudes e denuncias** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua:
  - Marzo de 2017: a CTNL dirixiu cadansúa carta ao secretario xeral da UDC e á técnica coordinadora do SNL da UDC en relación cun informe asinado por



ambos onde se rebaixaba o labor desenvolvido por outro técnico do SNL a unha función secundaria, de simple colaboración nas tarefas cotiás do servizo. Así mesmo, solicitábase que se clasifiquen o antes posible os postos de técnico/a de normalización de grao medio como funcionarios da escala técnica superior (subgrupo A1).

- Xuño de 2017: [solicitouse ao Concello de Cambre a modificación das bases de convocatoria da praza de TNL](#), xa que incluía como única tarefa a elaboración dun manual de documentos administrativos e xurídicos e, no temario específico, algúns temas estaban dirixidos máis a un/unha técnico/a de cultura ca a un/unha técnico/a de normalización lingüística.
  - Xuño de 2017: [pediuse ao Concello de Oroso a modificación das bases de convocatoria da praza de TNL](#), pois incluía como exercicio práctico unha tradución do castelán ao galego.
  - Xullo de 2017: [solicitouse ao Concello de Vigo a modificación das bases de convocatoria para a bolsa de emprego de TNL](#), co obxectivo de mudar o grupo de contratación (de A2 a A1).
  - Setembro de 2017: [solicitouse ao Concello de Nigrán que reconsiderase a decisión de interromper o SNL despois dun ano de traballo e con proxectos en marcha ou a punto de comezar](#).
- Fíxose seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais en materia de normalización lingüística. En concreto, [valoráronse as dúas convocatorias e resolucións das axudas da Deputación Provincial de Pontevedra dirixidas á promoción da lingua desde as entidades locais](#). Criticouse principalmente que non contribuísen a favorecer un traballo técnico a través de departamentos especializados. Así mesmo, enviouse unha nota de prensa, que foi [publicada](#) por *Galicia Confidencial*.

Despois deste informe pediuse unha xuntanza con Xosé Leal, deputado provincial de Lingua e Cultura. O encontro tivo lugar o 23 de outubro de 2017 e intentamos facerlle ver as eivas que tiña a convocatoria tal e como estaba deseñada e propor melloras.

Posteriormente houbo unha nova xuntanza a pedimento da Deputación para informarnos das suxestións que se tiveran en conta. Tivo lugar o 17 de xaneiro de 2018. As principais novidades que introduciron na convocatoria deste ano foron:

- Aumentar o importe máximo para a creación e mantemento de SNL ata 15 000 euros.
- Requirir aos concellos que opten polas axudas para actividades (sen SNL) que teñan ou aproben durante o ano unha ordenanza de normalización lingüística.
- Só subvencionar proxectos cun importe mínimo de 3000 euros.



Das propostas da CTNL, a Deputación accedeu a incluír na convocatoria os requirimentos de titulación e contratación dos/das técnicos/as de normalización lingüística e as funcións que debe desenvolver un servizo de normalización lingüística.

- Solicitouse unha **xuntanza co secretario xeral de Política Lingüística** para tratar diferentes temas, algúns analizados na [última edición dos Encontros](#):
  - A **normalización lingüística como competencia municipal** e os informes que elaboran secretarios e interventores nos concellos á hora de contratar técnicos/as de normalización lingüística, textos onde se pon en dúbida a competencia das administracións locais en materia de normalización lingüística. Valentín García é consciente do problema pois tamén a SXPL tivo que informar sobre se actividades que desenvolven administracións locais entran en colisión coas competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Quedou en consultar o caso con Manuel Pillado, director da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta.
  - A **recentralización de servizos**, con especial referencia á Base de Datos Nacional de Subvencións e outras plataformas centralizadas que están a repercutir nun retroceso do traballo en galego nas administracións locais. O secretario xeral de Política Lingüística comprometeuse a falar co Ministerio de Administracións Públicas e cos responsables de Política Lingüística doutras comunidades.
  - A SXPL comunicounos a súa intención de organizar unha **xornada técnica sobre normalización lingüística no ámbito da mocidade**. O principal obxectivo da SXPL é analizar propostas de intervención na mocidade que foron interesantes e funcionaron para extraer ideas para o plan de dinamización lingüística na mocidade que está a elaborar a SXPL, para o cal queren ter en conta a opinión dos/das técnicos/as de normalización lingüística. A CTNL comprometeuse a colaborar asesorando nos contidos desta xornada.
- Continuouse o traballo para elaborar un **manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de TNL**, que incluírá os contidos e características que deben ter as convocatorias, recomendacións, etc. Este traballo está en fase de elaboración: encargóuselle a Marcos Almeida Cerredá, profesor de Dereito Administrativo da USC, e agora, por proposta del, está a finalizalo Andrea Garrido, tamén profesora contratada doutora da USC especialista en emprego público. O traballo final vai editalo Iuris Utilitas en formato .pdf con distribución gratuíta.

## 2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Dado o interese que había pola formación en deseño de



materiais básicos e maquetación con programas de software libre, organizouse a seguinte actividade formativa:

- [Obradoiro de deseño e maquetación de materiais básicos para a normalización lingüística](#)
  - Datat: 26 e 27 de outubro de 2017 (12 horas presenciais)
  - Catro horas de traballo na casa para desenvolver unha tarefa práctica (durante o mes de novembro)
  - Duración total: 16 horas
  - Lugar das sesións presenciais: Santiago de Compostela (Facultade de Filoloxía)
  - Participación: 17 alumnos/as
  - Docente: **Ruth Caramés Blanco**, licenciada en Bioloxía e posgrao en Enxeñería Ambiental pola Universidade de Santiago de Compostela e técnica de Deseño Gráfico. Na actualidade é socia de Fabaloba, Sociedade Cooperativa Galega, onde desenvolve todo tipo de proxectos de deseño gráfico e ilustración.
  - Valoración: esta actividade formativa foi valorada positivamente polo alumnado, aínda que se recomendaron melloras como unha maior duración do obradoiro ou a posibilidade de diversificar o alumnado segundo os niveis de partida.

## ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaboración cos [XVIII Encontros para a normalización lingüística. Dereitos lingüísticos, unha garantía pendente?](#)
  - Lugar e datas: Pazo de Raxoi, Santiago de Compostela, 20 e 21 de abril de 2017
  - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
  - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Colaboración co [XIII Curso de verán sobre dinamización lingüística: traballando en lingua na música](#)
  - Lugar e datas: Fórum Carballo, Carballo, 19 e 20 de xullo de 2017
  - Organizaron: Servizo de Normalización Lingüística e Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria da Universidade da Coruña
  - Colaboraron: Concello de Carballo e Secretaría Xeral de Política Lingüística

Tras unha xuntanza con Carlos Aymerich, secretario xeral da Universidade da Coruña, e con Marisol Ríos, técnica do SNL da UDC, que tivo lugar o 24 de



febreiro de 2017, a dirección e organización do curso de verán pasou de novo a ser responsabilidade da Universidade da Coruña. Desde este ano a CTNL unicamente colabora asesorando nos contidos e na difusión da actividade.

## TRANSMISIÓNS DE IDEAS E FOMENTO DO GALEGO

- **Que se vexa! o galego**

No mes de maio organizouse de novo a través de Twitter o [concurso #quesevexaogalego](#), para contribuír a visibilizar e, ao mesmo tempo, reivindicar o uso do galego en todos os ámbitos.

Este 2017 o concurso desenvolveuse do 9 ao 30 de maio e establecéronse **tres categorías** de premios:

- O chío con máis rechouchíos
- O chío mellor valorado polo xurado da CTNL
- A persoa máis participativa, é dicir, que máis fotos subise (categoría nova deste ano).

Nesta última categoría gañou o ENDL do IES Xelmírez II, cuxo coordinador implicou os/as alumnos/as para localizaren fotos e elaboraren mensaxes para o concurso. O profesor valorou o concurso como ferramenta de reflexión sobre sociolingüística para o alumnado.

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua**

<http://lgx15.gal>

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

En novembro pasado desenvolveuse a terceira edición do [LGx15. Ideas para o futuro da lingua](#), o proxecto creado en 2015 co fin de compilar e difundir ideas, reflexións e experiencias que poden influír nas actitudes e na conciencia lingüística e no futuro do galego.

A novidade desta edición foi o [chamamento a candidatos/as voluntarios/as](#) para intervir coas súas ideas, propostas e experiencias no escenario do LGx15. Tal e como estaba na convocatoria, de entre as propostas recibidas entre o 28 de xullo e o 17 de setembro seleccionáronse dúas para intervir xunto cos demais participantes escollidos polo grupo de traballo que organizou o LGx15.



No demais, o evento mantívose similar ás edicións anteriores. Interviñeron diversas persoas para transmitir, dun xeito breve, claro e visual –a través de charlas dun máximo de 15 minutos–, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos. Alén disto, houbo música e humor, o que o converteu nun acto festivo e divertido.

Todo o espectáculo foi gravado en vídeo e as diferentes charlas foron difundidas individualmente pola rede o pasado mes de xaneiro, coa finalidade de darlles a esas ideas a maior difusión posible.

- Charlas de 2017: Alonso Caxade, Alba García, Fátima Fathallah, Brais García e Jonathan Blanco (estudantes do Club de Debate do IES Xulián Magariños de Negreira), Cecilia Fernández Santomé (Revista Coolt), Nuria Espasandín, Patricia Buxán e Miguel Braña (Catro Ventos Editora), Iria Veiga, José Antonio Rubal e Pedro Brandariz
- Presentación e condución do acto: Vicente Mohedano
- Actuación musical: MJ Pérez
- Data: xoves 9 de novembro de 2017
- Lugar: Sala Capitol de Santiago de Compostela
- Asistencia: aprox. 180 persoas
- Valoración: positiva en relación co desenvolvemento do acto, aínda que durou máis do programado. As charlas e actuacións foron moi ben valoradas. O número de asistentes foi semellante ao ano anterior, cun aumento da venda de entradas por internet e un número menor na billeteira e na Tenda A Reixa.

- **Agasallos.eu. Propostas de regalos en galego ([www.agasallos.eu](http://www.agasallos.eu))**

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallos.eu ([www.agasallos.eu](http://www.agasallos.eu)), para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, etc., para dar a coñecer e visibilizar creacións de diverso tipo que usan a lingua galega e para incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participaren nela, pouco a pouco foi medrando o número de participantes e a cantidade e variedade de propostas que contén. En 2015 decidimos que a participación por parte das empresas comezase a ser gratuíta, a cambio da doazón dalgúns artigos para facer sorteos que permitan unha maior difusión da plataforma a través das redes sociais. Na actualidade a plataforma contén arredor de 400 propostas diferentes dunhas 50 empresas distintas.



- **Proxecto Apego**

En maio de 2015 púxose en marcha o proxecto **Apego**, para a socialización en galego da infancia, por parte de 12 concellos, aos cales se sumaron [11 máis no ano 2016](#) e outros sete no 2017. Este proxecto, aínda que posto en marcha directamente polos concellos a través dos seus SNL, naceu por proposta da CTNL no Curso de verán Traballando en Lingua de 2014.

No ano 2017, o proxecto Apego foi recoñecido con **dous** importantes **premios**:

- [Premio da Cultura Galega](#) na categoría de lingua, convocado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Recolleron o premio Rosa Moreiras e Roberto Rielo con [estas palabras](#).
- [XVIII Premio Rosalía de Castro de Lingua](#), na modalidade de iniciativas cos tramos de poboación de menor idade. Este premio recolleuno a CTNL en representación do Proxecto Apego e está dotado con 3000 euros, que se gastarán en actividades do propio proxecto, de acordo coas directrices dos/das técnicos/as de normalización lingüística dos concellos participantes.

+Info: [www.apego.gal](http://www.apego.gal).

- **Proxecto Youtubeir@s**

En novembro de 2016 [presentouse a primeira edición do proxecto Youtubeir@s](#), tamén xurdido a partir dun curso de verán de dinamización lingüística, o de xullo de 2015, dedicado á mocidade. En decembro de 2017 presentouse a [segunda edición](#), que desenvolven os SNL dos concellos da Baña, Ames, Carballo, O Grove, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela e Teo, da Deputación Provincial da Coruña e das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

+Info: <http://youtubeiras.gal/>

## **Accións organizativas e de comunicación**

---

- Mantívose a cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a



persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:

- Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
- Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo
- Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas, etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que incluíu unha actividade formativa e o LGx15.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
  - **Web:** mantívose actualizado o web, onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
  - **Boletín electrónico:** para mandar o boletín continúa a empregarse a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse uns 24 boletíns.
  - Mantívose certa presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Sermos Galiza, Praza Pública e Galicia Confidencial*), que recolleron, en xeral, a información que se lles trasladou sobre accións, campañas, posicionamentos, etc. Tamén foi relativamente satisfactoria a presenza en medios en papel, radio e televisión, que difundiron algunha información da CTNL, sobre todo, relativa a accións concretas, coma o LGx15, o proxecto Apego ou o proxecto Youtubeir@s.
  - Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das páxinas e perfís de accións e campañas concretas, como Gústame o galego, Agasallo.eu, Como cho digo ;- ) ou LGx15. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 6 de febreiro de 2018):
    - Seguidores/as FB CTNL: 4881 (+71)
    - Seguidores/as Twitter CTNL: 3669 (+281)
    - Seguidores/as FB Agasallo.eu: 4350 (+26)
    - Seguidores/as Twitter Agasallo.eu: 1494 (+42)
    - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15 585 (-199)
    - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 6362 (-134)
    - Seguidores/as FB Como cho digo ;- ): 4502 (+14)
    - Seguidores/as Twitter Como cho digo ;- ): 1795 (+19)
    - Seguidores/as FB LGx15: 1525 (+404)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL  
Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018